

Dependencia XOB.- Negociado de Xestión de Obras e Proxectos 126.- ARASA		
Documento	Expediente	Fecha
XOB12I2B6	XOB/158/2017	24-05-18 10:11

EXPEDIENTE: **RENOVACIÓN E AMPLIACIÓN DO SISTEMA DE CÉSPEDE SINTÉTICO E DO SISTEMA DE REGA NO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE SANTA ISABEL**

ASUNTO: **INFORME SOBRE O CUMPRIMENTO DOS REQUIRIMENTOS DE SOLVENCIA TÉCNICA**

Redáctase o presente informe por encargo da mesa de contratación do Concello de Santiago correspondente á licitación das obras de referencia, co obxecto de comprobar o contido da documentación acreditativo do cumprimento dos requirimentos de solvencia técnica recollidos no apartado 4.2. do "Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a contratación, mediante procedemento aberto, das obras de renovación e ampliación do sistema de céspede sintético e do sistema de rega no Campo de Fútbol Municipal de Santa Isabel" presentados pola UTE Fco Gomez y CIA SL e Calfensa Proxectos SL.

A documentación requirida no PCAP aos efectos de garantir a solvencia técnica do contrato é a seguinte:

1. Certificados de boa execución de actuacións similares á prevista no presente contrato: execución de campo de fútbol de céspede artificial (mínimo de cinco (5) certificados nos tres últimos exercicios).
2. Certificado emitido por FIFA, de alomenos un campo de fútbol instalado co mesmo sistema de céspede artificial ofertado e certificado segundo criterios de calidade **FIFA 2 STAR** (FIFA Quality Concept for Football Turf).
3. A empresa produtora e subministradora do céspede artificial cumprirá cos requisitos e obrigas impostos pola normativa vixente, Regulamento (CE) nº **1907/2006, REACH** (Registro, Evaluación, Autorización y Restricción de Sustancias y Mezclas Químicas) cumprimento para a fabricación, comercialización e utilización de sustancias químicas na Unión Europea.
4. Certificado de aprobación (Aproval Letter) emitido pola WFSGI (World Federation of the Sporting Goods Industry) Federación Mundial da Industria Deportiva de que a empresa produtora e subministradora do céspede artificial cumpre co código de conduta do **Programa de Calidade de FIFA**.
5. Certificado da empresa produtora do céspede artificial de aplicación da norma de xestión da calidade **ISO 9001:2008** co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de equipamento deportivo. A comercialización e instalación de pavimento de construción, pavimento deportivo e céspede artificial e o mantemento de instalacións deportivas de céspede artificial.
6. Certificado da empresa produtora de céspede artificial de aplicación da norma de xestión ambiental **ISO 14001:2004** co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción, a comercialización e a instalación de equipamento deportivo. A comercialización e instalación de pavimento de construción, pavimento deportivo e céspede artificial e o mantemento de instalacións deportivas de céspede artificial.
7. Certificado da empresa produtora de céspede artificial de aplicación da norma de xestión de seguridade e saúde no traballo **BS OSHAS 18001:2008** co ámbito de aplicación obxecto do contrato para o deseño e o desenvolvemento, a produción e a instalación de equipamento deportivo. A instalación de pavimento de construción, pavimento deportivo e céspede artificial e o mantemento de instalacións deportivas de céspede artificial.
8. Certificado da empresa provedora do céspede artificial de aplicación da norma de xestión da **I+D+i UNE 166002:2014** co ámbito de aplicación obxecto do contrato de Investigación, desenvolvemento e innovación en tecnoloxías téxtiles para céspede artificial e materiais de fibras sintéticas para céspede artificial.

Na documentación aportada acredítase a disposición da totalidade dos requisitos técnicos anteriormente sinalados.

A vista do anterior, sométese o presente informe a avaliación da mesa de contratación para que proceda como mellor considere, en función do establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do procedemento de licitación.

Santiago de Compostela, a 24 de maio de 2018  
O Arquitecto Municipal. Xefe do Servizo de Proxectos e Obras  
Asdo.: Antonio Ranedo Santillana